

LECTURAS DE APOYO

Fernando Lillo Redonet, *El Viaje en la Antigüedad. Antología*, Valencia, Ediciones Tilde, 2004, 130 pp. www.tilde.es

El Viaje en la Antigüedad

Antología



Edición y traducción:
Fernando Lillo Redonet

Tilde

El libro se enmarca dentro de la colección de lecturas de Cultura Clásica de Ediciones Tilde. Esta antología invita a un viaje que recorre rutas terrestres y marítimas en compañía de héroes, navegantes, comerciantes, generales y filósofos mediante una selección de textos atractiva para un lector juvenil, siempre teniendo en cuenta la inicial dificultad que tiene el pretender entrar en contacto con los textos clásicos sin adaptaciones pueriles. A este objetivo ayuda el que en los textos elegidos esté presente la imaginación y la fantasía. Los textos que componen la antología son: El viaje de Jasón y los Argonautas (Apolodoro, *Biblioteca*); Heracles: un héroe viajero (Apolodoro, *Biblioteca*); El regreso de Odiseo (Apolodoro, *Biblioteca*); Periplo de Hannón, el cartaginés; El viaje de Yambulo (Diodoro de Sicilia, *Biblioteca Histórica*); Viaje a la Luna (Luciano de Samosata, *Relatos verídicos*); Las maravillas del Mundo Antiguo (textos de varios autores);

Alejandro Magno en la India (Selección de Quinto Curcio, *Historia de Alejandro Magno*); Aníbal cruza los Alpes (Tito Livio, *Historia desde la fundación de la ciudad*); Los peligros del viaje: El accidentado viaje por mar del poeta Arión (Heródoto, *Historias*) y El posadero asesino (Cicerón, *Sobre la adivinación*); Viaje y filosofía: El viaje no soluciona nuestros problemas (Séneca, *Cartas a Lucilio*) y El sabio viaja con poco equipaje (Fedro, *Fábulas*).

Los textos van precedidos de una introducción que habla sobre el autor, da algunas claves y anima a comenzar la lectura. Tras los textos aparecen una serie de actividades que tienen un icono que responde a alguno de los siguientes temas: Búsqueda de datos en el texto; Mitología y Religión; Geografía e Historia; Arte; Referentes clásicos; Creación personal literaria y artística; Cine y documentales; Internet/CD-ROM.

En suma, un material muy apropiado para emprender un extraordinario viaje por la Antigüedad combinando el placer de la lectura con la realización de actividades de profundización y ampliación.

Fernando Lillo Redonet, *Contos da Galicia romana: un novo xeito de coñecer a romanización de Galicia*, Noia, Toxosoutos, 2000, 71 pp. www.toxosoutos.com

"*Contos da Galicia romana* propón un novo xeito de coñecer a romanización da nosa terra. A través de contos ficticios, pero baseados sempre nas fontes históricas, literarias e arqueolóxicas, aprendemos os principais aspectos da conquista e da romanización de Galicia. Nestes contos seguimos a Teucro no seu regreso dende Troia ata a ría de Pontevedra, introducímonos no castro de Santa Tegra da man dun lexionario romano, acompañamos a Xulio César na súa expedición contra os herminios, asistimos á traxica sorte dos guerreiros do monte Medulio, visitamos a cidade de Lugo no tempo dos romanos e contemplamos a enxeñería romana para a extracción do ouro nas minas das Médulas".

Estes contos van seguidos de actividades que os fan apropiados para o seu uso na materia de Cultura Clásica, Latín ou Grego. O seu autor, Fernando Lillo Redonet,

emprega un sistema que xa experimentou con éxito noutras das súas obras como *Un salmantino en Roma*, *Noches romanas*, *Un salmantino en Mérida* ou *Un salmantino en Segóbriga*. O sistema consiste en dar vida á Antigüidade clásica a través de curtos relatos ficticios que sempre teñen un fondo histórico debidamente comprobado polas diversas fontes históricas. Neste caso, por medio de relatos ficticios postos en boca de personaxes que realmente existiron o alumnado toma contacto dun xeito sinxelo cos principais feitos da romanización de Galicia.

No primeiro conto titulado *Os gregos na Gallaecia: a odisea de Teucro* ofrécese un relato ó estilo da épica homérica referindo a extraordinaria aventura de Teucro dende a toma da cidade de Troia ata a súa chegada a Helenes, que hoxe é Pontevedra. Despois da lectura o alumnado ten una serie de actividades de comprensión do texto que ven de ler e de profundización no tema da colonización grega da nosa terra.

O segundo conto, *De cando os romanos chegaron a Gallaecia*, presenta o relato da expedición de Décimo Xunio Bruto centrándose no contacto dos romanos cos habitantes dos castros dos que se describen os seus costumes e vivendas. Neste conto, Décimo Xunio visita o castro de Santa Trega, que por mor dos trasnos da imprenta, queda en dúas ocasións escrito como "Santa Prega??" o que é un erro moi de lamentar aínda que non estropea a orixinalidade do relato do lexionario romano. Os exercicios correspondentes dan importancia ó feito da conquista e ó contacto entre as dúas culturas.

Tamén relacionado coa conquista está o conto terceiro, *A guerra de Gallecia de Xulio César*, que mostra un achegamento á figura do xeneral romano e ós motivos da súa expedición ás terras do norte e ás míticas illas Cassitérides.



O cuarto conto titulado *A traxedia do Medulio* remata a serie dedicada á conquista coa heroica resistencia dos guerreiros cántabros, ástures e galaicos neste monte de dubidosa ubicación. Aquí o relato está posto en boca dun espía romano que infiltrado entre os indíxenas é testigo do tráxico final destes.

Os dous últimos contos están relacionados xa co proceso de romanización. En *Lugo: unha Roma en pequeno* asistimos á descrición de *Lucus Augusti* con todos os adiantos que tiña unha cidade romana e que atraían ós indíxenas á órbita de Roma. Nas actividades tomamos contacto coas vivendas, as rúas e as termas romanas, elementos todos que fixeron aumentar a calidade de vida dos indíxenas.

No último conto, *Unha viaxe ás minas de ouro das Médulas*, asistimos á viaxe dun personaxe real de *Lucus Augusti* que transita polas vías romanas ata As Médulas describindo con todo detalle o funcionamento desta explotación mineira. As actividades axudan á comprensión de todo o que relata o protagonista.

A obra contén tamén unha breve cronoloxía e unha bibliografía básica. Para finalizar, penso que debo resaltar a novidade destes contos que dun xeito ameno nos achegan ás raíces da nosa historia e non dubido que o alumnado pode aprender disfrutando, tanto se se utilizan como lectura na casa e posterior comentario na aula, como se se traballa directamente con eles lendo o conto en voz alta na clase. O profesorado ten, en resumo, un material adecuado e orixinal que pode completarse coas explicacións que se consideren oportunas e con diversos medios audiovisuais como diapositivas e vídeos.

SERIE UN SALMANTINO EN..

www.edicionesclasicas.es

F. Lillo Redonet, *Un salmantino en Roma*, Madrid, Ediciones Clásicas, 1994³. X + 46 pp. ISBN: 84-7882-058-2.

El relato del viaje del salmantino Marco Fabio a la Roma de Domiciano presenta los hábitos y costumbres de la capital imperial, sus creaciones artísticas y literarias, sus edificios, sus gentes... Este texto ha sido adoptado por muchos centros como lectura recomendada para Cultura Clásica.

F. Lillo Redonet, *Noches romanas*, Madrid, Ediciones Clásicas, 1992². X + 54 pp. ISBN: 84-7882-059-0.

Continúan las aventuras de Marco Fabio. Esta vez es él mismo quien escribe una serie de relatos dialogados con personajes romanos de su tiempo como Marcial y Plinio sobre temas tan sugestivos como la ecología, el campo y la ciudad, la caza, los cristianos y los espectáculos. Incluye bibliografía y orientaciones didácticas. Apto para las clases de Cultura Clásica, incluso como lectura dramatizada.

F. Lillo Redonet, *Un salmantino en Mérida* (Cartas desde Emerita), Madrid, Ediciones Clásicas, 1994. X + 82 pp. ISBN:84-7882-149-X. Ilustraciones de J. M^a. Nieto.

Con este nuevo libro de Marco Fabio Salmanticense se ha pretendido subsanar algunos de las críticas constructivas que han expuesto los lectores de *Un salmantino en Roma* y *Noches romanas*. Se incluyen aquí abundantes actividades didácticas apoyadas en textos e inscripciones, se proponen visitas culturales y se sugieren con precisión apoyos audiovisuales. A los seis capítulos de que consta el libro (Llegada a *Emerita*, Jugos funerarios, En el mitreo de *Emerita*, En el circo de *Emerita*, En *Metellinum*, En el balneario de Alange) siguen otros tantos apartados de actividades. Cierran la obra los glosarios de lugares y nombres propios y de términos específicos y una bibliografía sobre Mérida romana.

F. Lillo Redonet, *Un salmantino en Segóbriga*, Madrid, Ediciones Clásicas, 1996. X + 94 pp. ISBN: 84-7882-229-1. Ilustraciones de J. M^a. Nieto.

A través de este texto, de la mano de tres segobrigenses inmortalizados por inscripciones latinas conservadas, entramos en contacto con la ciudad de Segóbriga, con sus edificios pensados para impresionar a los visitantes e imitar el modo de vida romano, con las clases sociales, la economía, la religión, y sobre todo las representaciones teatrales que tuvieron lugar allí. Las actividades didácticas de la segunda parte del libro ayudan a completar tan sugestivo panorama.